

AS BARREIRAS TEÑEN NOME DE MULLER



DIONÍSIO PEREIRA

Traballadores e traballadoras dunha telleira, a bordo dun ghaléon

No duro traballo do barro propio do territorio comprendido entre Cambados e O Grove, en diversos lugares da beiramar de Castrelo, Dena, Vilalonga, Noalla, A Revolta ou Ardia, entre aqueles eirados inzados de tellas e lastros, nos palletes, leñeiras, casetos, píos e fornos das telleiras; naquelas minas furadas, ano tras ano, a ceo aberto nas Pozas de Rouxique, na Arnosa ou na Fianteira, pouca xente ten reparado no seu labor escravo, na penuria das súas angueiras. Daquela, todos os oficios tiñan unha pronuncia masculina: pieiros ou amasadores, carretilleiros, oficiais, tendedores, cocedores, serviceiros ou asentadores, compuñan o persoal das cuadrillas que vivía na *vrañada* (tempada) de abril a outubro encanfurnado naquelas telleiras de feitura babilónica, sen tan sequera saíren para ver ás súas fami-

lias, alimentados maiormente de caldo, touciño, peixe salgado ou, ás veces, mediante as capturas fornecidas polas rapetadas nocturnas, mentres as fornadas da tardiña secaban nos palletes¹.

Non obstante, por aí andaban: nas telleiras facendo de asentadoras, carrexando isto ou aquilo naquel universo fumegante, ou enchendo con barro, lastros e tellas as adegas dos galeóns de servizo que, amarrados nos embarcadoiros, agardaban a marea para que os mariñeiros puidesen conducilos fora da canle, fincando no fondo con aqueles longos remos de piñeiro de 28 cuartas². Pero onde a súa presenza non podía pasar desapercibida era naqueles inmensos buracos que tomaban o nome de *barreiras* e que eran máis propios dunha canteira da época das pirámides que

1.- Sobre o traballo do barro, podemos recomendar dous traballos senlleiros: Adela Leiro Lois; Xosé Ramón Daporta & Saúl Otero: *As Telleiras (Cabaqueiros)*, Ed. Ir Indo, Vigo, 1993 e Xaquín Lourenzo: "Etnografía. Cultura Material" in R. Otero Pedrayo (dir.): *Historia de Galicia, Tomo 2*, Akal Editor, Madrid, 1979 (1ª ed., Ed. Nós, Bos Aires, 1962).

2.- Sobre os galeóns do barro, ver D. Pereira: "Angueiras de galeón", *Ardentía* nº 2, Cambados, Maio 2005.


dunha explotación do século XX; alí, en pleno verán, unha morea de mulleres coa roupa a retrincos gabeaba por uns escalóns tallados nas paredes, levando os *pañóns* (lingotes) de barro en pesadas tinas de madeira, a penas protexida a cabeza por unha pañola e un molido, a faciana branquexada pola arxila, as tostadas pernas ao ar, cunha man sostendo a tina e outra agarrando decote aquela saia de pano que tanto semellaba ao das velas dos galeóns, para que non atrancase a ascensión daquel inferno.

Así as coñeceu un xornalista do diario vigués *Galicia* que, na primavera de 1924, caeu pola Fábrica de Ladrillos de Guisasola, sita na Fianreira de Vilalonga, disposto a facer unha semblanza de aqueles e aquelas que, en dito corrido por aquela contorna, co seu traballo ingrato e malpagado "comeron o pan que amasou o demo". Velaquí algúns anacos daquela descarnada crónica:

"Alí vívese pouco menos que fóra do mundo. Para aqueles obreiros, especialmente para aquelas obrei-

ras que traballan 12 ou 14 horas diarias por un xornal mesquiño, non existe lexislación moderna verbo da xornada, nin existe "Instituto de Reformas Sociais"....Operarios hai que traballan de sol a sol, semella que por necesidades de man de obra, pero sen que o pago de horas extraordinarias estea en proporción coa tarefa realizada....Ninguén se ten preocupado daqueles coitados, daquelas pobres mulleres que alí traballan e que para render a súa xornada teñen, moitas delas, que facer unha longa camiñada e que ao cabo da semana cobran arredor de dúas pesetas de xornal sen mantenza, logo de teren realizado unha faena dura, constante e traballosa, pola mesma esixencia das angueiras e pola desconsideración con que se lles trata"³.

Finalizaba o cronista dicindo que había algún tempo visitara a Cerámica de Guisasola o daquela deputado socialista asturiano Teodomiro Menéndez, pero se cadra estivo máis atento ás excelencias da mesa daquel patrón considerado na zona pouco menos que un señor feudal que á ruín condición dos traballadores e traballadoras da súa empresa e das súas barreiras.



Grupo de mozos e mozas a bordo dun galeón, barco que se empregaba no transporte de tella pola Ría da Arousa

3.- Vide MANRIQUE DE CRESPO: "Como vive el proletariado en un lugar de Galicia", *Galicia*, Vigo, nº 500, 3/5/1924. A tradución do orixinal castelán é nosa.



Galeóns fronte á Toxa

Tempos de rebeldía

Na etapa republicana, o persoal das fábricas e das telleiras viviu un incipiente proceso de organización para mellorar a súa situación laboral. De feito, en Dena e Vilalonga creáronse senllos sindicatos: eis, "Obreros de Cerámica, Extracción de Arcilla y Similares" (UGT) e a "Sociedad de Oficios Varios" (CNT), respectivamente.

Este derradeiro colectivo, moi influído asemade polo PCE, voltou denunciar mediante un manifesto editado en Pontevedra a fins do ano 1931⁴ a inhumana condición da xente nos enchoupados pozos do barro da Fábrica de Guisasola. Segundo o sindicato, alí continuábase a traballar de sol a sol, ás veces metidas as mulleres ate a cintura na auga que asulagaba a mina e que, logo, debían chicar coas súas tinas. Informaba ademais o colectivo que o empresario presumía de persoa caritativa e humanista, sensible e protectora da "masa doliente", pero que a realidade non era moi diferente á dos tempos da escravitude, pois os traballadores e traballadoras sufrían decote insultos, multas e malleiras e, sobre todo, o que era un segredo a voces na zona: naquel establecemento aínda imperaba o bárbaro dereito de pernada sobre as mulleres.

Se cadra por primeira vez na historia social daquela bisbarra, o sindicato convocou no devalo do primeiro ano republicano un boicot ao establecemento, retirándolle o persoal, coa finalidade de que as autoridades provinciais tomasen nota e acabasen con aqueles abusos. Os enfrontamentos

entre veciños partidarios ou contrarios da arriscada iniciativa provocaron o esmorecemento do sindicato nos anos posteriores, mentres que o amo da fábrica, Nicasio Guisasola, encabezaría a dereita máis extrema na provincia de Pontevedra, ao ser elixido deputado pola CEDA de Gil Robles nas eleccións celebradas en novembro de 1933.

Tras o golpe militar de 1936, e coa patronal das *barreiras* comprometida cos sublevados, aquela bisbarra tamén soubo de mortes e persecucións, pois nas gabias da Xunca Branca, mesmo a carón de Dena, apareceron varios cidadáns (algún deles traballador da cerámica) paseados polos *cívicos* e falanxistas; mesmo se fala de certo galeonciño do barro reconvertido en macabro sucedáneo da "barca de Caronte", por aquel mar interior cuxa porta de entrada eran as canles que separaban a illa da Toxa do illó da Toxa Pequena. E tamén se conta o caso dun veciño do Grove, Ricardo Figueiro Besada, da estirpe dos *Chiquitín*, que, tras ser dado por morto cun tiro na cabeza, zafou dos seus frustrados asasinados arroupado pola humanidade da señora Lola Caamaño, do lugar de Altamira, en Dena, que lle dou protección e agocho cumprido baixo a vela acolledora do galeón familiar que foi durante moitos anos dedicado ao transporte de arxila pola ría. Aquela noite do 29 de agosto, festa da Lanzada, foron asasinados alí outros tres veciños do Grove, sendo Ricardo *Chiquitín* testemuña involuntaria daquela barbarie cometida por *cívicos*, veciños de Vilalonga e Dena, con nomes e apelidos agora xa ben coñecidos no lugar⁵.


Ao cabo, como en todo o país, a resignación e a miseria, que nunca desapareceran de todo mesmo nos esperanzados tempos da República, serán a moeda máis corrente naqueles pozos do barro durante os anos mouros da posguerra.

As princesas das *barreiras*

Corría o ano 1946 cando o escritor galeguista Ramón de Valenzuela e a súa dona Mariví Villa-

4.- Ver *Revolución*, Pontevedra, nº 8, 26/12/1931.

5.- Información que lle agradecemos a Antón Mascato.



Ramón de Valenzuela

verde decidiron fixar a súa residencia en Vilalonga, posto que Ramón tiña un ofrecemento para dirixir e levar as contas dunha *barreira* naquela zona. A explotación era a partes iguais de Joaquín Cortés e do pai de Mariví, Elpidio Villaverde, ex alcalde de Vilagarcía e antigo deputado ás Cortes republicanas, por sempre exilado en Bos Aires. O propio Ramón tiña que andar con moito tino, pois había pouco que saíra da cadea de Ávila e aínda estaba en liberdade provisoria. Daquela, os recién casados tomaron contacto cun universo singular, as *barreiras*, ao que Mariví dedicará un anaco das súas Memorias ben anos despois:

"A miseria na aldea era menos angustiosa que na vila. Era aquela, ata certo punto, unha zona privilexiada. Non resultaba difícil atopar onde gañar un xornal. O subsolo posuía barro branco de primeira calidade e varios empresarios dedicábanse a explotalo. O xornal era, como en todas partes, insignificante, pero tanto homes coma mulleres contribuían deste modo a mellorar a economía familiar, fornecida, principalmente, polo cultivo da terra. A familia enteira traballaba no campo, vellos, mozos e nenos, de sol a sol, aproveitando as horas de antes ou de despois do barreiro...."⁶.

Naquel tempo, as mulleres, moitas delas a penas unhas rapaciñas, viñan a andar dende diferentes lugares da comarca pola mañá moi cedo, levando a comida nun cesto para pasar a meirande parte do

día na *barreira*. A maioría, debruzada no carrexo do barro dende a mina á superficie, cobraba o mesmo que as súas nais había vinte anos: 9 reais por un traballo de sol a sol⁷. Tan pouco mudaran as cousas, que a Ramón de Valenzuela aquela humanidade descalza e enfariñada de barro lle lembraba os gravados da *Ilustración Gallega y Asturiana*, que a fins do século XIX representaban ás mulleres picando seixo nas estradas do país. Mais tamén había unhas poucas "privilexiadas", que competían cos homes arrincando bloques de barro branco, de barro gris, de barro avermellado, de barro de primeira con moita liga ou de barro chamado *xerula*, que tiña pouca; aquelas rexas mulleres extraían toneladas e toneladas daqueles *pañóns* coas eixadas ou coas picochas, polo que recibían idéntico xornal que os seus compañeiros masculinos. Endebén, unhas e outras non sabían o que era o aceite de oliva nas comidas, pois ningunha alcanzaba a pagar as 80 pesetas que costaba o litro daquel prezado condimento.

Pois ben, tres anos despois, en 1949, Ramón e Mariví decidiron saír daquel exilio interior, asexados día tras día polas detencións dos seus compañeiros antifranquistas de Vigo, Pontevedra e Vilagarcía, e coller rumbo do outro exilio: o americano. Pero antes de marchar, aínda puideron albiscar con toda a súa crueza como os amos das *barreiras* e os sicarios do réxime franquista, facían causa común para afogar o aquel xusticeiro que aínda teimaba por agromar naqueles predios assolados. Conta Mariví:

"Non todo era paz na aldea. Ás veces a xente tamén se irritaba. Os empresarios non querían pagarlles aos obreiros as horas de traballo extraordinario como estaba estipulado e estes, malia as súas queixas reiteradas, non foron escoitados. Por iso decidiron que unha representación levase as súas reclamacións ao sindicato de Falanxe. A Garda Civil, avisada, esperounos no camiño, dándolles unha malleira soberana. Así remataron as reivindicacións sociais dos traballadores do barro. Días despois o asunto era esquecido, utilizándoo soamente os propietarios como arma ao seu favor⁸.

6.- Mariví Villaverde: *Tres tempos e a esperanza*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2002.

7.- Dado fornecido por Adela Leiro et alii no seu libro *As Telleiras*.

8.- Mariví Villaverde, : *Op. Cit.*



ARCILLA BLANCA

Este reportaje gráfico no trata de la tristeza de la bella reina Soraya de Irán, repudiada del Cha, ni de los amores de la princesa Margarita de Inglaterra, ni de los de la otra princesa Margarita de Suecia. No Galicia hace siglos que no tiene princesas de que ocuparse y las que tuvo y recuerda la historia, fueron en general más desgraciadas en sus amores y en sus vidas que lo son las tristes contemporáneas.

Este reportaje gráfico se refiere a mujeres trabajadoras de Galicia, hermanas de todas esas mujeres gallegas que están en uno y otro país de América, exaltando con su laboriosidad el buen nombre de su tierra, pero, al igual que aquellas princesas de la historia en relación con las actuales, aún más desdichadas. Son "barreiras" de Noalla, en Vilalonga, Sanxenxo, y extraen y recogen arcilla blanca para los altos hornos de Bilbao, para Sagunto, para que obreros de otras partes hagan con esa arcilla material refractario. A las más fuertes los empresarios les pagan jornales de hombre, aunque todas, también las más débiles, trabajen como hombres. En 1949, hace sólo nueve años, ganaban de jornal 11 pesetas, importe equivalente entonces a dos kilos de pan de maíz. Las fotografías son similares a las que pueden hacerse para alguna prensa, la que no moleste a los satisfechos, en los campos de trabajo de algún país. Entonces se pondrían titulares alarmantes como por ejemplo "Mujeres esclavizadas en tal parte". Estas fotografías revelan con su técnica la misma imagen que con la suya revelaban aquellos grabados del siglo pasado, de hace aproximadamente ochenta años, publicados por la "Ilustración Gallego-Asturiana", en los que se veía a las mujeres picando cuarzo en las carreteras gallegas. Alguna de estas mujeres podría, por su parte, ser princesa; esa bella, por ejemplo que bebe agua del porrón, y merecería entonces seguramente la pulida prosa o el verso formal de algún joven estudiante apolítico. La capa retórica se humillaría a sus pies. Así blanca de arcilla la ropa remendada, y tostado el rostro y las piernas, ganando solo 11 pesetas diarias, dos panes de borona, sólo puede servir de tema a algún poeta expresionista de 1920, o a algún otro artista que aún no siendo expresionista continúe pensando que el tema social no lo agotaron los apóstoles, ni Chaplín, ni Gabriel Zelaya. De esos que prefieren el hombre a Isidore Isou y su gratuito letrismo.

Artigo en "Galicia Emigrante", nº 33, 1958



Xa en Bos Aires, Ramón vai colaborar a partir de 1954 naquela celebrada revista que foi *Galicia Emigrante*, a carón de Luís Seoane. Non sabemos como aconteceu, pero o caso foi que un día de outono de 1957 deberon chegar á redacción unhas impresionantes fotografías tomadas pouco tempo atrás (hai indicios que as sitúan no ano 1949) nas *barreiras* de Noalla polo fotógrafo Juan Manuel Castuera, á sazón residente en Montevideo pero natural de Gondomar e con orixe navarra. Naquel intre, correndo xa o ano 1958, imaxinamos a Ramón de Valenzuela destecendo a lembranza daquel universo calcinado ao redactar para a revista un pequeno solto, como acompañamento de cinco daquelas impactantes imaxes da fatiga captadas polo artista miñorano. Compre sulñar que, por precaucións obvias (as familias de ambos residían en Galicia), nin no artigo titulado "Arcilla Blanca", nin nas fotos, figuraba detalle algún da súa respectiva autoría. Daquela, protexidos polo anonimato, Ramón de Valenzuela e Juan Manuel Castuera, cada un no seu papel, deron un seu definitivo alegato a prol daquelas desafortunadas mulleres:

"Son 'barreiras' de Noalla, en Vilalonga, Sanxenxo, e extraen e recollen arxila branca para os altos fornos de Bilbao, para Sagunto, para que obreiros doutras partes fagan con esa arxila material refractario. Ás máis fortes os empresarios páganlles xornais de home, malia que todas, tamén as máis febles, traballen coma homes. En 1949, hai tan só nove anos, gañaban de xornal 11 pesetas, importe equivalente entón a dous quilos de pan de millo..."⁹.

Remataba Ramón de Valenzuela comentando que calquera daquelas mulleres de andares ergueitos e formas femininas que se adiviñaban tras a súa farrapenta indumentaria de traballo, ben podería ser princesa, e con máis mérito que aquelas Sorayas e Margaritas monopolizadoras de portadas nas revistas de moda. Non concordaba o escritor do Deza coa visión do viaxeiro inglés Richard Ford, que un século antes deixara escrito que as mulleres galegas facían os traballos máis penosos e que por iso a partir dos trinta anos perdían a súa beli-

da condición. Ramón, el si comprometido de por vida coa Humanidade doente, afirmou naquelas páxinas de *Galicia Emigrante* que o traballo escravo non impedía a fermosura, unha fermosura que non entendía de mans brancas, pel coidada ou talle de avespa propias do ideal feminino imposto polas capas acomodadas e ociosas; pero tamén deixou escrito que a beleza e a sensualidade daquelas princesas das *barreiras* tampouco escondía a infame e secular explotación da que eran obxecto.



Portada de "Galicia Emigrante", nº 33, debida a Luís Seoane

9.- Ver "Arcilla Blanca", *Galicia Emigrante*, Bos Aires, nº 33, Febreiro-Marzo 1958. A tradución é nosa.